



ANUNCIO

REVISIÓN DE OFICIO DA VALORACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE SUBALTERNO, MEDIANTE SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100% DA XORNADA, INCLUÍDA NA OEP EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL.

O Tribunal nomeado no proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de subalterno mediante sistema de concurso, persoal laboral fixo ao 100% da xornada, incluída na Oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira para a estabilización do emprego temporal, realizou reunión o 06 de novembro de 2025:

Polo Presidente dáse conta do criterio seguido na valoración dos méritos nos restantes procesos selectivos incluídos na OEP extraordinaria de 2022 para estabilización do emprego temporal, referidos a postos incluídos no subgrupo E, consistente no seguinte:

Na base 6.1 e 2 das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 695/2022, do 26 de decembro e conforme á convocatoria e bases específicas aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 697/2022, do 27 de decembro, reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño (BOP nº 247 de 30 de decembro de 2022), indicase que se valorarán na experiencia profesional e antigüidade na Administración, os servizos prestados como persoal funcionario interino en corpos ou escalas ou como persoal laboral temporal na mesma **categoría profesional** a que se opta, na Administración convocante ou noutra Administración.

O concepto **categoría profesional**, previsto nas bases, non existe como tal, polo que o Tribunal, para a valoración da experiencia profesional e antigüidade dos candidatos, debeu acudir, na valoración dos méritos dos restantes procesos selectivos incluídos na OEP extraordinaria de 2022 para estabilización do emprego temporal, referidos a postos incluídos no subgrupo E, ás Táboas salariais do persoal laboral 2025 (2024 RD 4/2024, de 26 de xuño + 0,5 IPCA) no que existen os subgrupos A1, A2, B, C1, C2 e E, resultando que no subgrupo E inclúense os seguintes Postos-Categorías:

- Monitor Coordinador Polideportivo,
- Operario Grupo E Polideportivo,
- Peones, limpadoras, monitores sin titulación, outro personal subalterno, auxiliar axuda no fogar e outros non titulados.

Á vista do exposto, o Tribunal considera que debe valorarse a experiencia profesional e antigüidade polos servizos prestados como persoal funcionario interino en corpos ou escalas ou como persoal laboral temporal na mesma categoría profesional a que se opta, en calquera dos postos-categorías incluídos no subgrupo E das Táboas salariais do persoal laboral 2025, conforme se expuxo anteriormente, é dicir, que serán valorados os servizos prestados polos candidatos en todos os postos-categorías recollidos en dito subgrupo, de maneira similar.

En consecuencia o Tribunal debe proceder a revisar de oficio a puntuación outorgada ós candidatos no presente proceso selectivo, ao ter seguido na valoración realizada da experiencia

profesional e antigüidade na reunión realizada en data 05/10/2024, criterio diferente ao exposto, realizando as correspondentes correccións, resultando as puntuacións obtidas polos candidatos presentados e admitidos as que se relacionan a continuación:

Apelidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Enrique Miguel	***9414**	Celga 4	90,00	10,00	100,00
PÉREZ TIMIRAOS, Roberto	**6747***	Celga 4	61,10	10,00	71,10
BROCOS FRAGUELA, Benigna	*2660****	Celga 2	45,12	10,00	55,12
VIGO NOVO, Marcos	****1158*	Celga 4	14,10	10,00	24,10
VIÑAS MAYO, Ruben	**6915***	Celga 4	0,00	10,00	10,00

Á vista dos resultados obtidos o Tribunal seleccionador **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a seguinte valoración corrixida dos méritos dos candidatos/as admitidos/as:

Apelidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Enrique Miguel	***9414**	Celga 4	90,00	10,00	100,00
PÉREZ TIMIRAOS, Roberto	**6747***	Celga 4	61,10	10,00	71,10
BROCOS FRAGUELA, Benigna	*2660****	Celga 2	45,12	10,00	55,12
VIGO NOVO, Marcos	****1158*	Celga 4	14,10	10,00	24,10
VIÑAS MAYO, Ruben	**6915***	Celga 4	0,00	10,00	10,00

Segundo: Ordear a publicación de anuncio da corrección da valoración de méritos no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello de Cedeira, dispoñendo os aspirantes dun novo prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo Tribunal, aprobando a relación definitiva que será elevada á Alcaldía.

Asinado dixitalmente

A SECRETARIA

O PRESIDENTE